

Que son as vacinas?

Son medicamentos biolóxicos que aplicados a persoas sas provocan a xeración de defensas que actúan protexéndoas ante futuros contactos cos axentes infecciosos contra os que vacinamos, evitando a infección ou enfermidade.

Por que son necesarias?

- As vacinas benefician tanto as persoas vacinadas como as persoas non vacinadas e susceptibles que viven no seu contorno xa que preveñen enfermidades que antes causaban grandes epidemias, mortes ou secuelas.
- Por outra parte, existen nos adultos estilos de vida e actividades laborais que aumentan o risco de exposición aos axentes infecciosos causantes de enfermidades previbles mediante vacinación, e orientan as recomendacións específicas de vacinación nos distintos colectivos.

Cales son os efectos secundarios?

- Aínda que as vacinas se consideran medicamentos moi seguros, en ocasións poden aparecer reaccións adversas como: avermellado leve e dor no lugar de inxección, febre, dores musculares.
- En contadas ocasións presentáronse reaccións alérxicas fortes a algún dos compoñentes das vacinas.
- Como ocorre con todos os medicamentos, existe un risco moi pequeno de que ocorra algún problema grave.

Onde pode vacinarse?

No Servizo de Vixilancia da Saúde da USC xa que é punto oficial de vacinación do SERGAS. Sempre seguimos as recomendación e indicacións que o Comité de Vacinas do SERGAS realiza.

A VACINACIÓN ANTIGRIPAL

Que é a gripe?

- É unha enfermidade producida por un virus do xénero dos influenzavirus que afecta sobre todo ás vías respiratorias superiores, ocasionando un cadro clínico con síntomas xerais coma febre, dor de cabeza, dor de gorxa, tose, dores musculares e articulares e malestar xeral. É un cadro benigno e auto limitado, agás en poboacións de risco.

Como se contaxia?

- A través do aire a partir de individuos enfermos cando espirran ou tosen, e durante os tres primeiros días da enfermidade a posibilidade de contaxio é máxima.
- Os factores climáticos (baixa temperatura, humidade) facilitan a transmisión ao favorecer o amoreamento das persoas. A fácil transmisión do virus explícase pola súa alta concentración nas secrecións orofarínxeas e a baixa dose infecciosa necesaria.

A VACINACIÓN ANTIGRIPAL

Quen debe vacinarse?

- Está recomendada nalgúns grupos de risco:
- Persoas que padecen afeccións pulmonares, cardíacas ou renais crónicas.
- Persoas que padecen outras enfermidades crónicas: diabete mellitus, lupus eritematoso, hepatite e outras.
- Persoas con terapia inmunosupresora.
- Persoas expostas a un risco elevado de contaxio por calquera razón: servizos de asistencia ao público, profesores, sanitarios e outros.
- Persoas que poidan transmitir a gripe a individuos incluídos entre os pacientes con risco de padecer complicacións
- Persoas maiores de 65 anos.

A VACINACIÓN ANTIGRIPAL

Quen non debe vacinarse?

- Pacientes con alerxia ao ovo ou a calquera outro dos compoñentes que se utilizan na elaboración das vacinas.

Cando debe vacinarse?

- A época de vacinación é, habitualmente, a principios do outono, e adáptase ao calendario oficial da vacinación.

VACINACIÓN FRONTE AO TÉTANO-DIFTERIA

Que é o tétano?

É unha enfermidade producida polo *Clostridium tetani*, que é un bacilo grampositivo e anaerobio. Pode presentarse en forma vexetativa ou esporulada, amplamente distribuídas, en forma de esporas, no lixo, esterco, metais oxidados e material contaminado con feces humanas e animais.

Caracterízase por rixidez e contraccións que desde a musculatura próxima á ferida progresan podendo producir a morte por parada respiratoria e diversas complicacións (fracturas, pneumonías...)

Como se contaxia?

Entra no organismo a través de feridas anfractuosas, contaminadas ou con necrose do tecido, na que libera unha toxina ao organismo que é a que produce os síntomas.

VACINACIÓN FRONTE AO TÉTANO-DIFTERIA

Que é a difteria?

É unha enfermidade producida por unha bacteria na que as manifestacións clínicas se deben á toxina que produce a bacteria ao infectar o organismo.

A enfermidade caracterízase por afeccións da farinxe e larinxe, con inflamación e formación dunhas membranas que dificultan a respiración, evolucionando con afectación do corazón, ril, sistema nervioso... chegando a provocar a morte.

Como se contaxia?

Xeralmente a infección adquirese por vía respiratoria por contacto cun enfermo.

VACINACIÓN FRONTE AO TÉTANO-DIFTERIA

Quen debe vacinarse?

A vacinación combinada fronte ao tétano - difteria está recomendada para TODAS as persoas non vacinadas independentemente da súa idade.

Quen non debe vacinarse?

Persoas con alerxia a algún compoñente da vacina.

As persoas con enfermidades moderadas ou graves deben esperar ata a súa recuperación para recibir a vacina.

VACINACIÓN FRONTE AO TÉTANO-DIFTERIA

Cando debe vacinarse?

A vacina consiste na aplicación de 3 doses que se administran da seguinte maneira:

- 1ª dose, 2ª ao mes da primeira, e a 3ª dose entre os 6-12 meses da primeira.
- Posteriormente hai que por unha dose de reforzo cada 10 anos.

En xeral non é necesario reiniciar as pautas de vacinación daquelas persoas que non completaron a pauta inicial, pero debe asegurarse que se completa a pauta vacinal no prazo de tempo máis curto posible, respectando os intervalos mínimos entre doses sucesivas.

VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE B

Que é a hepatite B?

É unha enfermidade infecciosa causada polo virus do mesmo nome, que afecta principalmente ao fígado e caracterízase na súa forma aguda por malestar xeral, decaemento, perda de apetito, dores articulares e musculares e ictericia (cor amarelo de pel e conxuntiva ocular).

Como se contaxia?

Transmítese de unha persoa a outra a través do sangue e por contacto sexual sen utilizar protección.

Tamén é posible a infección dun acabado de nacer a partir dunha nai infectada co virus.

VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE B

Quen debe vacinarse?

- Todos os acabados de nacer.
- Adultos con posible risco de infección:
- Traballadores dos servizos de saúde
- Persoas en hemodiálise ou que necesitan transfusións frecuentes
- Conviventes con individuos infectados
- Adictos a drogas por vía parenteral
- Pacientes con SIDA
- Persoas que cambian frecuentemente de parella sexual

VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE B

Quen non debe vacinarse?

Persoas con alerxia a algún compoñente da vacina.

As persoas con enfermidades moderadas ou graves deben esperar ata a súa recuperación para recibir a vacina.

Cando debe vacinarse?

En xeral a inmunización consta de 3 doses que se administran da seguinte maneira:

1ª dose, 2ª ao 1-2 meses da primeira, e a 3ª dose os 4-6 meses da primeira.

VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE A

Que é a hepatite A?

O virus da hepatite A produce unha enfermidade hepática habitualmente leve.

A persoa afectada soe notar dor abdominal, canseira, malestar xeral, diarrea, urina escura e en ocasións ictericia.

Nunca se fai crónica e so en moi raras ocasións pode causar a morte.

Como se contaxia?

Os pacientes con esta enfermidade expulsan os virus polas feces e o contaxio prodúcese ao tomar auga ou alimentos contaminados ou por contacto íntimo con individuos enfermos.

VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE A

Quen debe vacinarse?

Aconséllase vacinar nos seguintes casos:

- Persoas con enfermidades crónicas do fígado.
- Hemofílicos
- Persoas que utilizan drogas por vía parenteral
- Varóns homosexuais
- Persoal de garderías
- Traballadores en contacto con augas non depuradas, de hospitais ou doutras institucións asistenciais.
- Persoas que viven en comunidades nas que periodicamente aparecen brotes de hepatite A.

VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE A

Quen non debe vacinarse?

Persoas con alerxia a algún compoñente da vacina.

As persoas con enfermidades moderadas ou graves deben esperar ata a súa recuperación para recibir a vacina.

Mulleres embarazadas: non se coñece con seguridade o efecto da vacina no embarazo

Cando deben vacinarse?

A vacina da hepatite A para ser efectiva debe administrarse en dúas doses separadas entre si polo menos 6 meses.

RECOMENDACIÓNS DE VACINAS EN VIAXEIROS INTERNACIONAIS

- A realización dunha viaxe require dunha adecuada preparación sanitaria de acordo ao país de destino, idade, sexo estado de saúde do viaxeiro e tipo de viaxe.
- Neste sentido a vacinación é unha medida moi importante na prevención dalgunhas das enfermidades infecciosas.
- As vacinas que se deben recibir dependen de cada viaxeiro e de cada viaxe en particular. Dependerá da situación sanitaria do país que se vai visitar, das enfermidades endémicas que lle afecten, das características da viaxe, da súa duración, da situación de saúde do propio viaxeiro e das vacinas recibidas anteriormente, así como do tempo dispoñible antes da viaxe.

Por todo isto recoméndase acudir a un CENTRO DE INFORMACIÓN AO VIAXEIRO INTERNACIONAL OU A UN CENTRO DE VACINACIÓNS INTERNACIONAIS DO MINISTERIO DE SANIDADE.